

Acta da Asambleia Xeral

21 de decembro de 2023

Lugar: Hotel Santiago Apóstol (Costa San Marcos 1-Santiago de Compostela)

Hora: 20:00 en segunda convocatoria sesión ordinaria

Orde do día,

- 1.- Lectura e aprobación se procede da acta da Asemblea anterior.
- 2.- Regulamentos e normativas. Tempada 2024.
- 3.- Calendarios de probas 2024
- 4.- Rogos e preguntas

Asistentes:

Presidente-Javier Campos Peña

Secretaría Xeral- Mónica Flores Ferreiro

ESTAMENTO DE CLUBS

AD Fogar da Xuventude- Gustavo Álvarez Nogueira
 Cidade de Lugo Fluvial- Adrián Vázquez Fernández
 Club Triatlón Poio- Carlos Sánchez Lareo
 Club Triatlón Santiago- Paloma Herbelo Hermelo
 Club Triatlón Rías Baixas, Enrique Hernández Moldes
 Club Olímpico de Vedra – Isabel Lobato López

ESTAMENTO DEPORTISTAS

Pablo Cabanelas Eiras
 Patricio Cruz Farias Forneiro
 Anaís Rivas Torres

ESTAMENTO TÉCNICOS

Javier Campos Peña*

ESTAMENTO OFICIAIS/XUICES

Mónica Flores Ferreiro*
 Javier Ángel Vázquez Orejas

Asiste a petición do presidente para apoio do punto de orzamentos D. María Teresa Vila (Asesoría Contable e Laboral)

Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados

Comeza a sesión en primeira convocatoria ás 19:40 h. comprobado o quorum.

1.-Lectura e aprobación da acta da Asemblea anterior

Indícase que a acta xa foi enviada e polo tanto salvo que alguén desexe que se lea ou aclare algo procédese a votación.

Anótase a corrección da referencia no punto no que se aprobou aumentar a licenza de 1 día para 2024 faciase referencia a 2023 na tarifa. Quedaría redactado do seguinte xeito.

“Proponse aumentar a tarifa da licenza de 1 día, Tendo en conta a subida de 2023 do resto de licenzas en 5 euros

Procédese a votación para a subida de licenza de un día

Votos a favor- 11

Votos en contra-0

Abstencións-1

Procédese a votación da tarifa para 2024

Votos a favor de subir a 18,00 euros- 5

Votos a favor de subir a 20,00 euros -5 (cualitativo do presidente)

Votos a favor de 60,00 euros- 1

Abstencións-1



Procédese á votación da acta coa anterior subsanación

Votos a favor- 12

Votos en contra-0

Abstencións- 0

2.- Orzamentos 2024. Aprobación se procede

O presidente introduce á asesora María Teresa Vila e da a palabra a Mónica Flores para a exposición dos orzamentos baseados na situación actual federativa e no orzamento 2023. A explicación das principais variacións con respecto aos orzamentos 2023 está recollida no documento enviado aos assembleístas e faise un resumo detallado do mesmo e infórmase que a partir de 2023 ás contas se farán de acordo ao plan de federacións estruturadas polo tanto por accións. Isto ven dado pola petición da auditoría da SXD 2022 e tamén para garantir unha información máis precisa do desenvolvemento da actividade federativa. Resáltase a retirada da conta Northwest Trimán ao non celebrarse nesta tempada e a incidencia en entrada e saída da partida de licenzas que agora vaixe aboar directamente polos clubs e deportistas á Federación Española de triatlón. Explicase a dotación de amortización en relación ás subvencións de equipamentos das últimas tempadas e as subidas nas partidas de promoción de menores. Infórmase igualmente da confirmación por parte da Secretaría Xeral para o Deporte do importe do convenio que ascenderá a 184.942,00 quedando o Orzamento final para 2024 en 455.341,94

Procédese á votación dos orzamentos (anéxanse) quedando aprobados por unanimidade

Votos a favor- 12

Votos en contra-0

Abstencións- 0

3.- Calendarios e normativas 2024-

a) Actualización de Calendarios de probas 2024

Procédese á exposición das modificacións do calendario aprobado en outubro pola presentación, cancelación e novos acordos de celebración que expón o presidente. Indica ademais que se está traballando co Concello de Porriño para ver a posibilidade de celebrar o Campionato Galego Universitario.

- 20 xullo Trishark Narón—Circuito de Tríatlón
- 8 xuño Tríatlón de Porriño- Circuito de Tríatlón/CG Universitario
- 10-11 febreiro Dúatlon Escolar-XOGADE- Vilalba
- 21 abril Final Provincial Dúatlon Escolar XOGADE- Xermade
- 22 xuño Proba Autonómica de Tríatlón- Proba Circuito Supersprint – Pontevedra
- 1-2 xuño Copa Mundo de Paratriatlón - Vigo e proba de Circuito de Dúatlon de Estrada
- 17 agosto Tríatlón Vila de Allariz
- 24 agosto Cpto Galego de Tríatlón Sprint- Ferrol

Procédese á votación

Votos a favor- 11

Votos en contra-0

Abstencións- 1

b) Normativas 2024

- **Proposta de revisión do prezo de Licenzas de 1 día para o Dúatlon e tríatlón Cros (10,00€)**
Explícase e argumentase a proposta baseada na solicitude transmitida á FEGATRI por parte de organizadores que levan promovendo o dúatlon cros e aportando estas e outras probas ao calendario oficial da federación, de cara a facilitar a posibilidade de equiparar a cota igual para os participantes (o dúatlon cros nútrese maioritariamente de licenzas temporais). O número de probas é mínimo polo que a perda de beneficio federativo é mínima e pode axudar a garantir a organización de probas que botan para atrás pola baixa participación.



Procédese á votación

Votos a favor- 12

Votos en contra-0

Abstencións-0

- **Proposta de revisión da subvención por probas de menores vinculada á subida orzamentaria**
- Consignase a subida orzamentaria na partida de menores incrementando a subvención á organización de cada un dos campionatos galegos de modalidades oficiais de menores e de xeito específico ás probas que forman parte do circuito de triatlón de menores ao que se destinarán 8000 euros (isto implica unha modificación regulamentaria, xa que este importe aparece recollido no regulamento para promover a organización). Orzamentariamente a partida por proba súbese a 2000 euros.

Procédese á votación

Votos a favor- 12

Votos en contra-0

Abstencións-0

c) Modificacións regulamentaria da modalidade autonómica de "Nada e Corre":

- Proposta Pablo Cabanelas- Incluir explícitamente a prohibición de uso de zapatillas con cravos naquelas probas que se celebre a parte de carreira en pista de atletismo. Esta norma está recollida de forma explícita no regulamento das tomas de tempos, pero non no Nada e Corre

Procédese á votación

Votos a favor- 12

Votos en contra-0

Abstencións-0

- Proposta Pablo Cabanelas- Recoller no regulamento o espírito non competitivo desta modalidade, recuperando parte do texto de edicións anteriores onde dicía "que é un programa de promoción, aberto e non competitivo, e que os resultados destas probas non serán considerados para ningún tipo de selección de deportistas por parte da Federación"

Procédese á votación

Votos a favor- 4

Votos en contra-4

Abstencións-4

Queda rexeitada a proposta polo voto de calidade do presidente.

- Redactar de forma clara os criterios de participación dos diferentes deportistas e categorías nas probas de remudas.

Proposta 1

Obrigatorio para poder participar como equipo competir cos seguintes deportistas de categoría e xénero.

2 alevíns (M/F)

2 infantís (M/F)

2 cadetes (M/F)

Procédese á votación

Votos a favor- 9

Votos en contra-2

Abstencións- 1



Proposta 2

Obrigatorio que ter ao menos un clasificado masculino e un feminino para poder participar como equipo

Procédese á votación

Votos a favor- 8
Votos en contra-3
Abstencións- 1

Proposta 3

Cada club presentará un equipo composto de 6 deportistas, 3 masculinos e 3 femininas en cada categoría, sen necesidade de que estean clasificados previamente. Unha vez o club pode participar por ter 2 clasificados non é preciso que compitan con eles. Poden traer outros deportistas.

Procédese á votación

Votos a favor- 11
Votos en contra-0
Abstencións- 1

Proposta 4

Os deportistas que disputen a remuda de natación deben ser os que disputen a remuda de carreira.

Procédese á votación

Votos a favor- 12
Votos en contra-0
Abstencións- 0

Proposta 4

Relevo inclusivo. Modificar a palabra paratriatleta pola que se axuste á normativa vixente, persoa con discapacidade.

Procédese á votación

Votos a favor- 12
Votos en contra-0
Abstencións- 0

Proposta 5

Clarificar as distancias das remudas

Natación.- 6 x 50 m (3 x 50 m no caso da remuda inclusiva)

Carreira a Pé.- 6 x 400 m (3 x 400 m no caso da remuda inclusiva)

Procédese á votación

Votos a favor- 12
Votos en contra-0
Abstencións- 0

d) Modificacións ao regulamento de competicións da FEGATRI

- **Proposta Regulamentaria Triatlón Poio- Creación do Campionato Galego de Veteranos separado do absoluto.**

Propónse dividir o campionato Galego en dúas probas diferenciadas. Campionato Galego Absoluto, Sub23, junior e xuvenil nunha proba e Campionato Galego de Veteranos.

A Clasificación virá dada nas probas de circuito, distribuíranse 100 prazas clasificatorias a través das probas do circuito, 30 por evento e 10 prazas por invitación especial creando unha carreira para veteranos nas probas de circuito. Cada deportista elixirá a saída a principios de tempada. Obrígase aos organizadores dos circuitos a crear dúas carreiras/probas unha absoluta e unha veterana, con dúas saídas M/F en cada unha.



Procédese á votación

Votos a favor- 1

Votos en contra-7

Abstencións- 4

- **Proposta Triatlón Poio de eliminar as invitacións asignadas aos clubs para todas as saídas do campionato e que sexa a federación baixo parámetros estritamente de nivel deportivo quen outorgue o número de prazas non superior a 10, nas que como condición o deportista beneficiado teña participando nunha proba do circuito.**

Eliminar o artigo 5.2 do Regulamento de Competición que outorga aos clubs invitacións por clasificación da tempada anterior, mantendo só as da dirección técnica.

Cambiar por "Non se establecen invitacións a disposición dos clubs, se ben, a federación disporá a criterio técnico de 5 prazas co fin de incentivar a competitividade e nivel da proba, sempre e cando o beneficiario tiña participado ao menos nunha proba de circuito"

Procédese á votación

Votos a favor- 1

Votos en contra-5

Abstencións- 6

3.- Rogos e preguntas:

- Triatlón Mar de VIGO envía a seguinte comunicación-

- Non farán o Dúatlon Cros de Candeán nin o Dúatlon de Menores previsto ao non ser Campionato Galego. Basean a cancelación na significativa merma económica que estas probas teñen xerado nas contas do club, polo que salvo que a FEGATRI considere a posibilidade de fortalecer o apoio económico aos organizadores destas probas, en especial a aqueles clubs que se dedican primordialmente ao traballo co deporte de base sendo este o futuro da disciplina toman a decisión de cancelar.

O presidente resposta que non envían unha proposta ou petición concreta para poder valorar. Indica que o orzamento das probas de menores aumentouse e en relación ao Dúatlon Cros mantense parte do apoio económico subvencionando xuíces e acaba de aprobarse manter a licenza de un día para estas probas.

- Pablo Cabanelas expón os seguintes rogos e preguntas.

- Considerar, xunto co Sistema Universitario Galego, a celebración dun Campionato Galego Universitario de triatlón, seguindo o exemplo doutras federacións galegas. Esta proba podería ser independente ou incluso coincidir dentro doutras probas de triatlón do calendario da Fegatri.

O presidente responde que está previsto no Triatlón de Porriño. Vai falar con Javier Rico, responsable de deportes da Universidade de Santiago

- Reforzar as probas de equipos a nivel autonómico: remudas (tanto mixtas coma non mixtas) e contra o reloxo, tanto de dúatlon coma de triatlón, xa que son probas tradicionalmente de maior popularidade e participación, e son tamén atractivas para o público.

O presidente resposta que vai haber unha en Cedeira.

- Recuperar a gala do deporte ou gala de premios a final de tempada.

Están os trofeos do 2022 preparados pero houbo un problema a última hora coa cesión do local por parte do Concello. Xuntarase coa de 2023.

- Valorar a inclusión de patrocinios privados de cara á celebración de máis e mellores probas e/ou circuitos de probas, e considerar tamén que, en axuda tanto dos organizadores coma da



propia Federación, esta última poida ofrecer aos organizadores outro tipo de servizos (valos, voluntarios, cronometraxe, plans de seguridade, etc.) como sucede con outras federacións. O presidente resposta que está en estudo a merca de cronometraxe pero que presenta problemas de loxística.- Cada manta coa caixa 4500 euros. Precisaríase un mínimo de 3 mantas. 15.000 euros. Mantemento, ordenador, carpa e persoal contratado.

- Valorar a mellora de contidos da páxina web da Federación e, en particular, a sección de "Novas". Tamén, a creación dunha "newsletter" electrónica que sirva, entre outras, para dar máis visibilidade a estas novas.
Comentarase ao responsable de RRSS para que prepare algo.
- Dada a escaseza últimamente de organizadores e clubs dispostos a realizar probas de triatlón, valorar a posibilidade de que a FEGATRI asuma un papel maior de organizador, sobre todo en determinadas probas, en estreita colaboración por exemplo con concellos, evitando depender de terceiros para a organización das probas, e/ou poida implicarse máis economicamente na axuda destas probas, sempre que o permitan os seus orzamentos.

- Cidade de Lugo Fluvial- Nova aplicación de licenzas

- Planteanse dúbidas respecto á nova aplicación. A Federación Española decidiu traballar cunha plataforma da empresa Conersys, resultados e licenzas e en breve inscricións..
O que queira competir a nivel nacional ten que facer a licenza por esa plataforma. Se a FA non entra queda fóra das subvencións. Está dando moitos problemas e mañá comezase a traballar con ela. Comezouse con federacións pequenas. Aragón, Baleares, Melilla,... As federacións grandes estamos todas con problemas.

Levántase a sesión ás 00:10 h. do 21 de decembro

Asdo.- A Secretaria Xeral
Mónica Flores Ferreiro

VºBº

Asdo.- O presidente
Javier Campos Peña

FEGATRI III
FEDERACION GALEGA DE TRIATLON
E PENTATLON MODERNO
Rúa Castelao 21, ent. 2
27001 Lugo || 982 251 345
N.I.F.: V36703932

